

SI

# A Sociedade da Información nos fogares galegos

**Presentación dos principais resultados sobre as TIC**
**- "Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2012"-**

XUNTA DE GALICIA

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

OBSERVATORIO da Sociedade da Información e a Modernización de GALICIA

# Índice

1 Introdución

2 Cal é a situación e a evolución?

2.1 Principais resultados

2.2 Que factores inflúen no uso das TIC ?

3 Conclusións

# 1 Introdución

## Obxectivos

- Analizar o equipamento e uso das TIC nos fogares galegos
- Servir de elemento de definición das políticas públicas en materia da Sociedade da Información e Modernización de Galicia.

## Marco




- <u>Metodoloxía e recollida de datos:</u> IGE, a través da inclusión de indicadores sobre as TIC na "Enquisa de Condicións de Vida das Familias. Ano 2012" (ECV – IGE)
- <u>Procesamento estatístico e análise:</u> Amtega – OSIMGA -

## Fontes de información

- **<u>Evolución Anos 2008 – 2010 – 2012:</u>**
  Con carácter xeral, comparativas cos datos dispoñibles nas edicións previas realizadas polo IGE para harmonizar datos evolutivos, empregando nestas tres edicións a mesma metodoloxía
- **<u>Comparativa co contorno:</u>**
  - Indicadores estatais: INE
  - Indicadores europeos: Eurostat

## 2 Cal é a situación e a evolución?



**Ritmo de crecemento superior ao estatal e ao europeo**

**Factores determinantes no equipamento e uso das TIC:**

**O hábitat, a convivencia con nenos e a idade**




# 2.1 Principais resultados: Equipamento TIC

**FOGARES CON ORDENADOR**
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




**Galicia recorta distancias con España e coa UE (2008-2012):**

- Ordenador: redúcese en + de 5 puntos a distancia con España e coa UE
- Contratación de Internet: redúcese en 2,7 puntos a distancia con España e en 4,6 puntos con Europa

**Crecemento no período 2008 – 2012:**
**O ritmo de crecemento galego é superior ao estatal e europeo**

**Dispoñibilidade de ordenador:**
**Galicia: 29,9%. España: 16,2%. UE: 14,7%**

**Contratación de Internet:**
**Galicia: 53,4%. España: 33,1%. UE: 25%**

**Contratación banda larga:**
**Galicia: 67%. España: 49,6%. UE: 46,9%**

**FOGARES CON INTERNET CONTRATADO**
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




**FOGARES CON BANDA LARGA CONTRATADA**
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fontes: Galicia: Ano 2008 e 2010 (IGE); Ano 2012 (OSIMGA + IGE. ECV 2012) // España: INE // Europa: Eurostat
Nota. Os datos de banda larga en Galicia correspondentes aos anos 2008 e 2010 empregan fonte INE porque non existen os equivalentes con fonte IGE



## 2.1 Principais resultados: Uso das TIC

**PERSOAS QUE UTILIZARON O ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES**
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




**O uso das TIC presenta unha tendencia positiva de crecemento e as compras a través de Internet**

**Crecemento no período 2008 – 2012:**
**O ritmo de crecemento galego é superior ao estatal e europeo**

- **Uso de ordenador:**
  **Galicia: 18,9%. España: 18,4%. UE: 12,1%**
- **Uso de Internet:**
  **Galicia: 27,8%. España: 23,1%. UE: 17,7%**
- **Compras a través de Internet:**
  **Galicia: 183,6%. España: 67,7%. UE: 45,8%**

**PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES**
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




**PERSOAS QUE COMPRARON A TRAVÉS DE INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES**
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fontes: Galicia: Ano 2008 e 2010 (IGE); Ano 2012 (OSIMGA + IGE. ECV 2012) // España: INE // Europa: Eurostat
Nota. Os datos de Galicia correspondentes ao ano 2010 empregan fonte INE porque non existen os equivalentes con fonte IGE

## 2.1 Principais resultados: Interacción coas AAPP a través de Internet

Galicia supera a media estatal e europea en interacción coas AAPP a través de Internet:

➚Un 47,7% dos galegos/as descargou formularios oficiais (6,7 puntos máis que a media estatal e 12,7 puntos por riba da media europea)

➚ Un 40,7% enviou formularios cumprimentados a través de Internet (8,5 puntos por riba da media estatal e 12,7 puntos por riba da media europea)

**PERSOAS QUE INTERACTUARON COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET**
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses)




Fonte: Datos Galicia (OSIMGA+IGE. ECV 2012); datos España: INE. Ano 2012; datos UE: Eurostat. Ano 2012.
(1) Os datos relativos á media estatal e europea están referidos aos últimos doce meses porque realizaron unha modificación deste indicador no ano 2012 mentres que os datos de Galicia teñen como período de referencia os últimos tres meses

XUNTA DE GALICIA amtega Axencia para a Modernización Tecnolóxica

# 2 Cal é a situación e a evolución?

## 2.2 Que factores inflúen no uso das TIC ?

**Hábitat**



**Convivencia con nenos/as**




**Xénero**



**Idade**



## 2.2 Factores que inflúen no uso das TIC (I)

**1. Hábitat:** Dispersión poboacional con 199 concellos de menos de 5.000 hab.

Contratación de Internet segundo o número de habitantes do concello. Ano 2012
(% sobre os fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE. ECV 2012

Contratación de Internet nos 7 grandes concellos de Galicia. Ano 2012
(% sobre os fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Nos sete grandes concellos de Galicia, a contratación de Internet supera a media galega, acadando a porcentaxe máis elevada no concello da Coruña



Fonte: OSIMGA+IGE. ECV 2012

## 2.2 Factores que inflúen no uso das TIC (II)

### 1. Hábitat

**MAPA DE FOGARES CON CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A ÁREA**



**Maior** presenza de banda larga:
- Área de Santiago (67,1%)
- Área da Coruña (64,3%),

**Menor** presenza de banda larga:
- Área de Ourense sur (23,3%)
- Área da Costa da Morte (32,1%).

- Máis do 60%
- Do 50% ata o 60%
- Do 40% ata o 50%
- Menos do 40%

Fonte: OSIMGA+IGE. ECV 2012

# 2.2 Factores que inflúen no uso das TIC (III)

## 2. A presenza de nenos/as no fogar: Un factor positivo determinante no uso das TIC

No fogar residen nenos/as e xóvenes de 3 a 16 anos :
Uso do ordenador: 72,7%
Uso de Internet : 69,2%




No fogar NON residen nenos/as e xóvenes de 3 a 16 anos:
Uso do ordenador: 55,3%
Uso de Internet : 53,3%

En **7 de cada 10 fogares galegos onde reside un neno/a ou xoven de 3 a 16 anos usan as TIC**, superando en **máis de 15 puntos** as porcentaxes que se rexistran noutro tipo de fogar.

## 3. Xénero: Menor uso de Internet entre as mulleres

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o sexo. Ano 2012
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




A fenda dixital segundo o xénero en Galicia é de 3,9 puntos, inferior á que se rexistra en España (5,2 puntos)

Reduciuse a fenda de xénero en Galicia

| Ano 2008 | Ano 2010 | Ano 2012 |
|---|---|---|
| 6,5 puntos | 4,2 puntos | 3,9 puntos |

Fonte: Datos Galicia (OSIMGA+IGE. ECV 2012); datos España: INE. Ano 2012

## 2.2 Factores que inflúen no uso das TIC (IV)

### 4. Idade: Envellecemento poboacional

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a idade. Ano 2012

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: Datos Galicia (OSIMGA+IGE. ECV 2012); datos España: INE. Ano 2012

Nos tramos de idade de 16 a 34 anos, o uso de Internet na poboación galega sitúase a menos de 4 puntos da media estatal. O uso da Rede diminúe significativamente a partir dos 45 anos e a diferenza coa media estatal supera os 11 puntos nos tramos de idade de 35 a 64 anos.

# 3 Conclusións

## CRECEMENTO:

➢O número de fogares galegos con servizo de internet contratado **creceu un 53,4%** no período 2008-2012, máis do dobre que a media europea.

➢No 2008 só o 36,7% dos fogares da Comunidade tiña contratado este servizo fronte ao **56,3% de 2012**

➢O **ritmo de crecemento é superior ao estatal** e ao europeo, que experimentaron un incremento do 33,1% e do 25%, respectivamente, durante este período

## CONDICIONANTES SOCIODEMOGRÁFICOS:

➢Os 199 **concellos galegos con menos de 5.000 habitantes**, cunha porcentaxe de Internet contratada do 36%, determinan os resultados globais neste indicador

➢Nos 58 municipios con máis de 10.000 habitantes **supérase a media galega** de contratación a Internet

➢En 7 de cada 10 fogares onde residen rapaces de 3 a 16 anos supéranse en **máis 15 puntos as porcentaxes** do uso de ordenador e internet que se rexistran noutro tipo de fogar

# 3 Conclusións

## RAZÓNS PARA NON CONTRATAR INTERNET

- As principais razóns aducidas polos enquisados para non contratar internet no fogar, son que "**non o necesitan", que "non o queren" ou que "é moi caro".**

- Só o **6% dos fogares galegos** indican que non teñen internet contratada porque non é posible acceder ao servizo no lugar onde teñen a vivenda.

## POR RIBA DA MEDIA:

- Galicia supera a media estatal e europea en **interacción coas AAPP** a través de Internet

galicia

XUNTA
DE GALICIA